ORDE do 2 de xuño de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á mellora da seguridade, a competitividade e a obtención de certificacións, selos ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN519E). (Diario Oficial de Galicia, Num: 116, 19-06-2025, Páx: 34211)

Destinatarios: Consultar o Artigo 2. Beneficiarios

Obxecto: A mellora da seguridade, a competitividade e a obtención de certificacións, selos

CONVOCATORIAS

ou marcas de calidade nas áreas empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Convoca: Consellería de Economía e Industria

Prazo: Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde.

RESOLUCIÓN do 27 de maio de 2025 pola que se amplía o crédito da Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á realización de auditorías de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU301C). (Diario Oficial de Galicia, Num: 107, 06-06-2025, Páx: 31813)

Destinatarios: Consultar a Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras.

Obxecto: Consultar a Resolución do 10 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras.

Convoca: Augas de Galicia

Prazo: Consultar a Resolución do 10 de febreiro de 2025.

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se modifica a Resolución do 2 de maio de 2025 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U) (Diario Oficial de Galicia número 250, do 30 de decembro). (Diario Oficial de Galicia, Num: 118, 23-06-2025, Páx: 34699)

Destinatarios: Consultar a Orde do 17 de decembro de 2024 (MT975U)

Obxecto: Consultar a Orde do 17 de decembro de 2024 (MT975U)

Convoca: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Prazo: Consultar a Orde do 17 de decembro de 2024 (MT975U)

ORDE do 2 de xuño de 2025 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas convocadas pola Orde do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos

CONVOCATORIAS

danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027 e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR651A). (Diario Oficial de Galicia, Num: 108, 09-06-2025, Páx: 32124)

Destinatarios: Consultar a Orde do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras.

Obxecto: Consultar a Orde do 30 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras.

Convoca: Consellería do Medio Rural

Prazo: Consultar a Orde do 30 de decembro de 2024.

RESOLUCIÓN do 26 de xuño de 2025 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Moves III_2025) (códigos de procedemento IN421Q e IN421R). (Diario Oficial de Galicia, Num: 123, 30-06-2025, Páx: 36275)

Destinatarios: Consultar o Artigo 2. Beneficiarios

Obxecto: Aprobar a convocatoria de axudas correspondente á anualidade 2025 do programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (Moves III_2025) regulado polo Real decreto lei 3/2025, do 1 de abril.

Convócanse axudas para as seguintes actuacións subvencionables no marco do Moves III_2025:

Programa de incentivos 1: adquisición de vehículos eléctricos «enchufables» e de pila de combustible (en adiante, adquisición de vehículos eléctricos).

Programa de incentivos 2: implantación de infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos.

Convoca: Instituto Enerxético de Galicia

Prazo: Desde o oitavo (8º) día natural seguinte ao da súa publicación, ata o 31 de decembro de 2025.

Estatat

Convocatoria do Programa Pleamar 2025

Destinatarios: Poderán adquirir a condición de entidades beneficiarias as persoas xurídicas públicas, privadas sen ánimo de lucro e as agrupacións das anteriores, segundo dispónse nas tipoloxías reflectidas no apartado 1 do artigo 2 da Orde TED/920/2023, do 18 de xullo.

Obxecto: O obxecto da convocatoria é apoiar proxectos que promovan a sustentabilidade das actividades pesqueiras e acuícolas en liña coa PPC.

Convoca: Fundación Biodiversidade

Prazo: Finaliza o próximo 28 de xullo.

CONVOCATORIAS

Extracto da Resolución do 29 de maio de 2025 do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se aproba a primeira convocatoria de axudas para proxectos innovadores de almacenamento enerxético cofinanciada con Fondos FEDER 21-27. (Boletín Oficial del Estado, Num: 131, 02-06-2025, Páx: 30687)

Destinatarios: Consultar o punto Primeiro. Beneficiarios

Obxecto: O desenvolvemento de proxectos innovadores de almacenamento enerxético, que contribúan á transición enerxética, especificamente para proporcionar maior flexibilidade ao sector da enerxía, incluída a integración das fontes de enerxías renovables.

Convoca: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

Prazo: Ata o 15 de xullo de 2025.

Extracto da Resolución do 11 de xuño de 2025, do Consello de Administración de E.P.E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), M.P. pola que se aproba a primeira convocatoria de axudas ao impulso da economía circular de bens de equipo para enerxías renovables (1ª Convocatoria - Programa RENOCICLA) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. (Boletín Oficial del Estado, Num: 155, 28-06-2025, Páx: 37479)

Destinatarios: Persoas xurídicas, legal e validamente constituídas na Unión Europea, e debidamente rexistradas no rexistro correspondente, cuxos accionistas, socios ou partícipes maioritarios sexan persoas físicas e/o xurídicas de natureza privada, sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 5 das bases reguladoras e os requisitos recolleitos no artigo 6 das devanditas bases.

Obxecto: Promover a realización de investimentos en instalacións de reciclaxe, de reutilización, de preparación para a reutilización e/o segunda vida e de innovación no ecodiseño de bens de equipo para enerxías renovables (consultar o punto Segundo. Finalidade, do extracto).

Convoca: Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)

Prazo: Do 8 de xullo de 2025, ao 16 de setembro de 2025.

Unión europea

Aberta a Convocatoria 2025 de CBE JU

Destinatarios: A convocatoria alenta a participación dunha ampla gama de partes interesadas (agricultores, propietarios de marcas, empresas, organizacións de investigación e autoridades locais, por nomear só algunhas) para apoiar a implementación de solucións de base biolóxica.

Os requisitos de presentación de propostas detállanse nos documentos de convocatoria publicados na páxina de cada tema.

Obxecto: Impulsar bioindustrias circulares competitivas en Europa en 13 áreas temáticas. CBE JU financiará tres tipos de accións:

- As Accións de Innovación (AI).

CONVOCATORIAS

- As Iniciativas Insignia (AI-FLAG) .
- As accións de investigación e innovación (RIA).
- As Accións de Coordinación e Apoio (AAC).

Convoca: Circular Bio-based Europe - CBE

Prazo: Ata o 18 de setembro de 2025 ás 17:00 CET.

BOLSAS

Estatutal

Extracto da Resolución do 26 de xuño de 2025, a Dirección da Fundación Biodiversidade, F.S.P., pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes previsto na resolución do 27 de maio de 2025 pola que se aproba a convocatoria de bolsas de formación, en réxime de concorrencia competitiva, relacionadas cos fins da Fundación Biodiversidade (Boletín Oficial del Estado, Num: 154, 27-06-2025, Páx: 37194)

Destinatarios: Consultar o extracto da resolución do 27 de maio de 2025.

Obxecto: Consultar o extracto da resolución do 27 de maio de 2025.

Convoca: Fundación Biodiversidade

Prazo: Ampliase o prazo ata o 10 de xullo de 2025.

CONCURSOS PÚBLICOS

Internacional

Licitación ESO: Sistema auxiliar de refraxeración para a cúpula e a estrutura do ELT

Destinatarios: Consultar ligazón

Obxecto: ESO - organización intergobernamental internacional situada en Garching (Alemania) que xestiona a construción e operación de observatorios astronómicos de vangarda situados en Chile, está a buscar empresas interesadas no deseño e instalación dun sistema auxiliar de refraxeración para a cúpula e a estrutura do ELT.

Convoca: Observatorio Europeo Austral - ESO

Prazo: Antes do próximo 4 de xullo.

EMPREGO PÚBLICO

Local

Convocatoria e bases para a selección da brigada para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais. Persoal laboral temporal - Concello do Páramo

CONVOCATORIAS

(BOP Lugo, Num: 147, 28-06-2025)

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

Obxecto: A selección de persoal laboral temporal para prevención e defensa contra incendios forestais, para a tempada 2025, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2025: - Un xefe de brigada

- Un peón condutor
- Tres peóns

Convoca: Concello do Páramo

Prazo: 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria e bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal do persoal da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Mugardos 2025

(BOP A Coruña, Num: 121, 27-06-2025)

Destinatarios: Consultar a base terceira.- Requisitos dos/as aspirantes.

Obxecto: A selección de persoal para a provisión con carácter temporal durante o ano 2025 das seguintes prazas para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026:

- 1 praza de xefe de brigada
- 1 praza de peón condutor
- 3 prazas de peón

Convoca: Concello de Mugardos

Prazo: 5 días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria e bases para a selección dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios - Concello de Folgoso do Courel (BOP Lugo, Num: 148, 30-06-2025, Páx: 7)

Destinatarios: Consultar as bases na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel: <https://folgosodocourel.sedelectronica.es/info.0>

Obxecto: A selección e posterior contratación dunha brigada de prevención e defensa contra incendios e 3 traballadores para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, para os seguintes postos:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón-condutor
- 3 peóns de brigada
- 3 condutores de motobomba

Convoca: Concello de Folgoso do Courel

Prazo: 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Aprobación das bases e convocatoria do proceso de selección de dous/dúas peóns/peoas forestais para a execución de actuacións da brigada para a prevención de lumes forestais no Concello de Ames

CONVOCATORIAS

(Aprol Rural 2025). (BOP A Coruña, Num: 122, 30-06-2025)

Destinatarios: Consultar o punto 3. Requisitos dos aspirantes.

Obxecto: Regular un procedemento para a selección e contratación laboral temporal de dous/dúas peóns /as forestais, para a prevención de lumes forestais no Concello de Ames, a xornada completa e durante un período de 9 meses.

Convoca: Concello de Ames

Prazo: Consultar a páxina web e o taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Convocatoria selección persoal de 1 peón/peoa condutor de brigada de incendios - Concello de Camariñas (BOP A Coruña, Num: 122, 30-06-2025)

Destinatarios: Consultar a base terceira.

Obxecto: A regulación da contratación de 1 peón/peoa condutor de brigada para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026.

Convoca: Concello de Camariñas

Prazo: 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria selección persoal de 1 xefe/a de brigada de incendios - Concello de Camariñas (BOP A Coruña, Num: 122, 30-06-2025)

Destinatarios: Consultar a base terceira.

Obxecto: A regulación da contratación de 1 xefe/a de brigada de incendios para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026.

Convoca: Concello de Camariñas

Prazo: 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria selección persoal de 3 peóns/peoas de brigada de incendios - Concello de Camariñas (BOP A Coruña, Num: 122, 30-06-2025)

Destinatarios: Consultar a base terceira.

Obxecto: A regulación da contratación de 3 peóns/peoas de brigada de incendios para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026.

Convoca: Concello de Camariñas

Prazo: 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

CONVOCATORIAS

Convocatoria e bases para a selección persoal de 1 tractorista para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais. Persoal laboral temporal - Concello do Páramo (BOP Lugo, Num: 147, 28-06-2025, Páx: 4)

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

Obxecto: A selección de persoal laboral temporal, para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025-2026:
- 1 tractorista (3 meses)

Convoca: Concello do Páramo

Prazo: 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria para a selección de 6 peóns/oas, 2 peóns/oas condutores/as, 2 xefes/as de brigada e 3 condutores/as de motobomba - Concello da Fonsagrada (BOP Lugo, Num: 146, 27-06-2025, Páx: 2)

Destinatarios: Consultar as bases no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

Obxecto: A selección, para a contratación temporal de: seis peóns, dous peóns condutores, dous xefes de brigada e tres condutores de motobomba, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2025.

Convoca: Concello da Fonsagrada

Prazo: 5 días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Convocatoria e bases para a selección dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios - Concello de Ribas de Sil (BOP Lugo, Num: 147, 28-06-2025, Páx: 16)

Destinatarios: Consultar as bases na sede electrónica do Concello (<https://concelloribasdesil.sedelectronica.gal/info.0>) e no taboleiro de edictos do Concello de Ribas de Sil.

Obxecto: A selección dunha brigada de prevención e defensa contra incendios para os postos seguintes:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón - condutor
- 3 peóns

Convoca: Concello de Ribas de Sil

Prazo: 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Convocatoria e bases do proceso de selección para a brigada de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais e

CONVOCATORIAS

condutores/as de vehículo motobomba - Concello de Mondoñedo (BOP Lugo, Num: 148, 30-06-2025, Páx: 8)

Destinatarios: Consultar a base terceira.- Requisitos dos aspirantes

Obxecto: A selección e posterior contratación dun xefe de brigada, un peón condutor, tres peóns para a brigada de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais e tres condutores/as de vehículo motobomba, mediante contratacións de carácter laboral temporal a tempo completo, por un período de tres meses.

Convoca: Concello de Mondoñedo

Prazo: 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Internacional

Enxeñeiro de Investigación/Postdoctorado para o equipo de Composición Atmosférica

Destinatarios: Consultar ligazón

Obxecto: Interézanos especialmente que este posto se base nas fortalezas e experiencias vividas das mulleres e os grupos subrepresentados para evitar a perpetuación de rumbos e descoidos na investigación científica e tecnolóxica. En casos de igualdade de méritos, priorizarase a incorporación do sexo subrepresentado.

Convoca: Earth Negotiations Bulletin

Prazo: Ata o 6 de xullo de 2025

PREMIOS

Estatutal

Convocatoria 11ª edición Premios Aprendizaxe-Servizo

Destinatarios: Centros de educación Infantil-Primaria, ESO Bacharelato e Formación Profesional e Ocupacional, así como a entidades sociais que estén desenvolvendo prácticas de aprendizaxe-servizo.

Obxecto: Son prácticas que unen éxito educativo e compromiso social. Nelas, nenos, nenas, novas e persoas adultas implícanse en accións destinadas a mellorar a súa contorna á vez que fortalecen coñecementos, habilidades, actitudes e valores: aprenden facendo un servizo á comunidade.

-Plantando árbores, aprenden acerca dos bosques e a paisaxe, a deforestación, o cambio climático...

-Montando unha campaña de doazón de sangue, aprenden sobre os grupos sanguíneos, os compoñentes do sangue e a súa función no organismo, as transfusións...

-Creando un itinerario turístico con códigos QR, aprenden achega do patrimonio artístico e urbanístico da súa poboación, sobre historia, sobre tecnoloxía móbil...

Convoca: Rede Española de Aprendizaxe-Servizo e a ONG Educo

Prazo: 30 de setembro de 2025

ACTIVIDADES

CAMPAÑAS

Galicia

"Van polo clima"

Contido: Iniciativa divulgativa de carácter itinerante que nace co obxectivo de sensibilizar e formar a mozas e mozos de ata 35 anos sobre o cambio climático e os grandes retos asociados a este fenómeno a nivel mundial.

Organizador: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Data de inicio: 12-06-2025

Presentación de resultados do proxecto ENERWOOD

Contido: ENERWOOD é un proxecto colaborativo de investigación coordinado polo Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, no que participan Puertas Betanzos, CERNA, CETIM, Viratec, INTACTA e ITG. O 2 de xullo, ás 10:30 h, presentarán os resultados da iniciativa nun webinar, baixo o título 'Innovación dixital para a eficiencia enerxética na industria da madeira'.

Organizador: Ministerio de Industria e Turismo

Data de inicio: 02-07-2025

Data de fin: 02-07-2025

BF ClimaTech clausura a I edición

Contido: A aceleradora ambiental de Viratec, en colaboración coa Xunta de Galicia, celebra o acto de clausura da súa primeira edición nunha xornada, baixo o título "Ideas que transforman Galicia".

Lugar: Biopolo da Sionlla (Santiago de Compostela)

Organizador: Viratec

Data de inicio: 18-07-2025

Data de fin: 18-07-2025

Estatat

Apertura e actividades refuxio climático no Círculo de Belas Artes de Madrid

Contido: Un refuxio climático é un espazo accesible que ofrece protección fronte ás altas temperaturas, especialmente no verán. Está pensado para protexer ás persoas máis vulnerables á calor, aínda que está aberto a toda a cidadanía. No contexto do quecemento global e o fenómeno das illas de calor urbanas, estes refuxios preséntanse como unha solución necesaria e urxente para as cidades. A súa principal característica é que ofrecen confort térmico sen estar asociados ao consumo, é dicir, non é necesario comprar nada para gozar deles.

Organízanse diversas actividades culturais, educativas e de benestar, como talleres, charlas e sesións participativas, pensadas para todas as idades e que promoven o coidado da contorna e a adaptación ao cambio climático.

En resumo, un refuxio climático é unha alternativa fresca, inclusiva e sostible ante os retos da

ACTIVIDADES

calor urbana, que ademais fomenta o encontro e a aprendizaxe comunitaria.

Lugar: Madrid

Organizador: Círculo de Belas Artes de Madrid

Data de inicio: 11-07-2025

Data de fin: 08-09-2025

CONGRESOS

Estatat

Aquaculture Europe 2025

Contido: As sesións paralelas de Aquaculture Europe 2025 (AE2025) abarcarán todas as disciplinas científicas e especies da acuicultura europea e comprenderán presentacións orais e pósteres. AE2025 tamén contará cunha exposición comercial internacional, un foro da industria, sesións e actividades para estudantes, talleres satélite e actualizacións sobre a investigación da UE.

Lugar: Valencia

Organizador: European Aquaculture Society

Data de inicio: 22-09-2025

Data de fin: 25-09-2025

Big Science Industry Forum Spain 2025

Contido: Primeiro foro da Industria da Ciencia en España. O obxectivo do congreso é fortalecer as capacidades da Industria da Ciencia en España e mostrar á sociedade o potencial deste sector como motor de crecemento económico.

Este encontro, que terá dous días de duración, pretende estreitar lazos entre toda a comunidade española que traballa para gran ciencia, formada polo sector da Industria da Ciencia, infraestruturas científicas e grupos e institutos de investigación. Ademais, daranse a coñecer as oportunidades de contratación das principais infraestruturas científicas nacionais e internacionais durante os próximos anos e debaterase sobre tendencias tecnolóxicas a futuro.

O foro configúrase como un espazo de networking, cunha zona de exhibición para as empresas, unha exposición de pósteres para os grupos e institutos de investigación e a posibilidade de concertar reunións con outros asistentes para favorecer a colaboración.

Lugar: Madrid

Organizador: CDTI, Plataforma Tecnolóxica INDUCIENCIA e a Asociación Española da Industria da Ciencia INEUSTAR

Data de inicio: 03-12-2025

Data de fin: 04-12-2025

Internacional

I Congreso Internacional. Sostibilidade e Cambio Climático

Contido: -Gobernanza climática e xustiza internacional.

-Xeopolítica, rexións vulnerables e conservación da biodiversidade.

ACTIVIDADES

- Océanos, cambio climático e gobernanza marítima.
- Transición ecolóxica, agricultura e educación sostible.

Lugar: Online

Organizador: Universidade de Jaén, UJA. Sostibilidade, DECOMESI, Centro para a divulgación do Coñecemento Universitario

Data de inicio: 10-07-2025

Data de fin: 11-07-2025

CURSOS

Estatat

Máster en espazos naturais protexidos 2026

Contido: • Unha reflexión en profundidade acerca da conservación da natureza e a xestión ambiental no contexto das políticas sectoriais e as estratexias nacionais e internacionais.

• Unha análise crítica do papel dos espazos protexidos no marco do cambio global e das relacións entre ecosistemas e sustentabilidade.

• Instrumentos de planificación, manexo e avaliación para intervir positivamente na conservación dos espazos naturais.

• Ferramentas concretas de análises e intervención para apoiar a contribución dos espazos protexidos ao benestar humano.

Lugar: Online

Organizador: UAM, UCM, UAH co aval de EUROPARC-España

Inscripción: Antes do 31 de outubro

SEMINARIOS

Estatat

Cambio climático e colectivos vulnerables

Contido: Sesión online para iniciar un proceso de reflexión conxunta sobre o impacto do cambio climático e a transición ecolóxica nas persoas máis vulnerables, esta vez enfocado no ámbito da discapacidade.

Lugar: En liña

Organizador: Fundacións polo Clima e Fundación ONCE

Inscripción: <https://fundaciones.org/es/servicios/eventos/cambio-climatico-y-discapacidad>

Data de inicio: 02-07-2025

Data de fin: 02-07-2025

XORNADAS

Galicia

Encontro sobre capacidades de tratamento de residuos industriais en

ACTIVIDADES

Galicia

Contido: Esta xornada técnica ten como obxectivo avanzar cara a unha planificación máis realista, anticipada e compartida da xestión dos residuos industriais en Galicia e pretende servir como punto de partida para a creación dun grupo técnico de traballo estable, que integre á administración e aos principais operadores do sector. O formato da xornada, baseado en exposición metodolóxica, experiencias prácticas e propostas de traballo, permitirá modular un encontro produtivo e centrado en xerar confianza, compromiso e utilidade real para todas as partes.

Pode formalizar a súa inscrición para vostede e/ou os seus acompañantes, a través do formulario ou no teléfono 698 19 79 97.

Lugar: Edificio Centro de Innovación Cultural (CINC), Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela

Organizador: Xunta de Galicia

Inscrición:

https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLScH_Q0dY3fIE6mdd5BLJlbq1f4xWOzSPyoqxODcytf

Data de inicio: 03-07-2025

Data de fin: 03-07-2025

OUTRAS ACTIVIDADES

Galicia

Visitas guiadas á Illa e Castelo de Santa Cruz

Contido: A Illa de Santa Cruz conta cun rico patrimonio natural e cultural froito principalmente da súa localización, un illote no interior da Ría da Coruña. Este rico patrimonio mestúrase coa peculiar historia do Castelo de Santa Cruz que, ao longo destes catro séculos, foi e é un baluarte de defensa: defensa da cidade da Coruña dos ataques navais; defensa da cultura coa estancia da escritora Emilia Pardo Bazán; defensa social coa organización de colonias de verán para nenos orfos e defensa do medio ambiente a través do CEIDA.

Para dar a coñecer todo este patrimonio natural e histórico, e dentro do programa “Para unha Transición Ecolóxica” que o CEIDA desenvolve xunto á Deputación da Coruña, ofértase un programa de visitas guiadas dirixidas a todos os públicos de forma totalmente gratuita durante o verán.

Lugar: Illa e Castelo de Santa Cruz

Organizador: CEIDA

Data de inicio: 01-07-2025

Data de fin: 29-08-2025

Rutas guiadas este verán ás illas do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Contido: Xa podes apuntarte ás rutas guiadas que este verán ofreceremos en Cíes e Ons todos os os días, e tamén a Cortegada os domingos.

En Cíes e Ons podes apuntarte en persoa acudindo o día que nos visites á nosa caseta de información do Parque nas illas. Pregunta polo menú de rutas que ofrecemos ese día e se hai prazas apúntate á que máis te interese.

Tamén podes reservar praza con antelación en www.reservasparquesnacionales.es pero só nas

ACTIVIDADES

rutas que se ofrecen ás 12:00h en Cíes e os mércores e en Ons os venres.

Recorda que durante o verán hai viaxes de barco todos os días a Cíes e a Ons, e tes que solicitar a autorización e comprar o billete ti mesmo. Aquí tes todos os pasos para facelo se o precisas.

Para vir a Cortegada so hai a opción de apuntarte na central de reservas na visita guiada e xa xestionamos nos o transporte do grupo (aínda que terás que pagar ti o teu billete de 10 ou 12€ segundo o día).

Lugar: Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Organizador: Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Encontro Axenda 2030: O Cultivo da Vide nas Reservas da Biosfera

Contido: -Reflexionar sobre modalidades de consumo e produción sostibles e os retos plantexados dentro do ODS 12.

-Dar a coñecer o concepto de Viticultura Biodinámica e de tratamento do terroir.

-Poñer en valor o papel das Reservas de Biosfera como impulsoras de novas formas de produción primaria sostible e de reservorio de biodiversidade xenética dos cultivos.

-Coñecer experiencias de produción sostible replicables noutros territorios.

Lugar: Castelo de Santa Cruz (Oleiros). Aula Paadín (Cambre)

Organizador: CEIDA

Data de inicio: 07-07-2025

Data de fin: 07-07-2025

Outras CCAA

Exposición Arte e Natureza

Contido: A exposición ofrece un percorrido pola arte do século XX e principios do XXI mediante un diálogo entre diversas linguaxes creativas centrados na relación entre arte e natureza. Nun contexto marcado por crises climáticas, ecolóxicas e territoriais, a mostra convida a repensar a nosa conexión cunha contorna natural ameazada pola desaparición. Fronte a este panorama, a arte preséntase como medio para reflexionar sobre a nosa dependencia do mundo natural e a urxencia de protexelo.

A exposición propón unha experiencia inmersiva na que a natureza, en plena era dixital, revélase como símbolo de autenticidade e verdade. Así, foméntase unha mirada crítica e poética sobre a maneira en que a arte pode reimaginar as nosas relacións coa contorna e ofrecer novas formas de habitar o mundo.

Lugar: Sevilla

Organizador: CaixaForum Sevilla en colaboración co Centre Pompidou de París

Data de fin: 07-09-2025

Estatat

Hortos e xardíns sociais e terapéuticos, unha mellora do benestar

Contido: Ao longo do taller abórdanse temas como os fundamentos do horto ecolóxico, o deseño de xardíns terapéuticos, as necesidades das plantas, e a planificación de actividades terapéuticas. Ademais, ensínase como poñer en marcha programas de horticultura social e terapéutica.

ACTIVIDADES

Está dirixido a profesionais do ámbito social e sanitario, así como a persoas interesadas en incorporar a xardinería como ferramenta de apoio emocional na súa contorna laboral ou persoal.

Lugar: La Casa Encendida, Madrid

Organizador: La Casa Encendida

Data de inicio: 16-09-2025

Data de fin: 16-10-2025

Programa de mentorización CultIVA

Contido: O programa CultIVA é un programa de mentoría dirixido a persoas mozas estudantes, graduadas, investigadoras predoctorais ou recentemente doutoradas do ámbito da acuicultura, que buscan apoio na identificación das súas oportunidades profesionais neste campo.

Organizador: Observatorio Español de Acuicultura

Presentación do estudo “Percepcións xuvenís sobre enerxía e sostibilidade en España”

Contido: Unha análise inédita que recolle as voces, os intereses e os puntos cegos dos mozos de 15 a 19 anos en relación co medioambiente, a enerxía e a emerxencia climática.

A partir de escoita activa en redes sociais, enquisas e análise documental, o informe ofrece unha radiografía rigorosa de como circula a desinformación climática entre os máis novos e como podemos actuar para revertela.

Organizador: Fundación Naturgy e Fad Juventud

Inscripción: Cubrir formulario

Data de inicio: 08-07-2025

Data de fin: 08-07-2025

EP#19 - Energy Prospectives 2025 - Fundación Naturgy: "O sector enerxético nun escenario de longo prazo".

Contido: Unha serie de conversacións de alto nivel sobre as condicións económicas, técnicas e científicas que se albiscan para o sector enerxético nun escenario de longo prazo.

Lugar: Campus del IESE camino del Cerro del Águila, 3 - Aravaca - Madrid.

Organizador: Naturgy

Inscripción: cescobar@iese.edu

Data de inicio: 02-07-2025

Data de fin: 02-07-2025

Simposio de Cultura Oceánica

Contido: Este evento está deseñado para explorar temáticas clave como os microplásticos, as especies invasoras, a inclusividade e a ciencia cidadá, cun enfoque práctico e educativo. A través de talleres interactivos e sesións de co-creación, xeraranse ideas innovadoras e ferramentas pedagóxicas que enriquecerán o ensino sobre o océano na aula.

Lugar: Centre de la Platja, Barcelona e Escuela Pérez Sala, Vilassar de Mar

Organizador: SUBMON

ACTIVIDADES

Data de inicio: 30-06-2025

Data de fin: 02-07-2025

Internacional

Foro Político de Alto Nivel 2025

Contido: O Foro Político de Alto Nivel sobre o Desenvolvemento Sostible (FPAN) reunirase do luns 14 ao mércores 23 de xullo de 2025, baixo os auspicios do Consello Económico e Social.

O tema do Foro é “Avanzar en solucións sostibles, inclusivas, baseadas na ciencia e a evidencia para a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible para non deixar a ninguén atrás”.

Lugar: New York

Organizador: ONU

Data de inicio: 14-07-2025

Data de fin: 23-07-2025

Leaders Summit 2025

Contido: O Cumio de Líderes do Pacto Mundial das Nacións Unidas proporciónalles as ferramentas prácticas, a rede de contactos, o coñecemento e a inspiración necesarios para ampliar o impacto das contribucións da súa organización á Axenda 2030 e máis aló. Con conferencias maxistras dinámicas, sesións interactivas e experiencias de networking, é un evento imprescindible para quen se compromete a elevar o nivel da sostibilidade e a forxar o futuro das empresas responsables.

Lugar: New York

Organizador: Pacto Mundial das Nacións Unidas

Data de inicio: 13-09-2025

Data de fin: 13-09-2025

BIBLIOGRAFÍA

MONOGRAFÍAS

Resumo do Informe Climatolóxico Primavera 2025 - MeteoGalicia

Resumo do Informe Climatolóxico de Maio 2025 - MeteoGalicia

ANÁLISE DAFO da Directiva 2024/2881 sobre a calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa- Conama

Voluntariado na Rede de Parques Nacionais. Experiencias que deixan pegada - Rede de Parques Nacionais

Informe CONAMA 2024. Fundación Conama

Solucións baseadas na natureza para a adaptación e a resiliencia da costa ao cambio climático. Fundación Conama, 2025.

RENACE 2030. Claves sobre a Lei da Restauración da Natureza: unha estratexia de país por desenvolver. Fundación Global Nature

5 de xuño de 2025 Día Mundial do Medio Ambiente na Biblioteca do Medio Ambiente

RECURSOS ELECTRÓNICOS

Novidades bibliográficas maio 2025 - CENEAM

Novidades Bibliográficas Xuño 2025 - CEIDA

Atlas de Sementes en IMAGINARIUM - Biblioteca de Bioloxía da Usal

Novidades Bibliográficas Maio 2025 - CEIDA

Pacto por unha Industria Limpa. Comisión Europea

Norma de calidade para escolas verdes: facer verdes todos o entornos de aprendizaxe. UNESCO

BOLETÍN DE NFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO